

BASES PARA A PROVISIÓN DE 2 PRAZAS DE SOCORRISTA A TEMPO COMPLETO , DE PERSOAL LABORAL NA MODALIDADE DE CONTRATO DE TRABALLO COAS CLÁUSULAS ESPECÍFICAS DE CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral na modalidade de contrato de duración determinada que seguidamente se relaciona, segundo autorización concedida pola Consellería de Presidencia , Xustiza e Deportes en aplicación da orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións as entidades locais de Galicia , para a prestación do servizo de vixilancia , rescate e salvamento en espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas e se procede a súa convocatoria para o ano 2025.

Ocupación: SOCORRISTA

Postos: 2

Servizo: servizo de salvamento e socorrismo acuático.

Duración contratación: 2 meses.

A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso.

Aprobadas as bases, remitirase polo Responsable do servizo a oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego. Remitida a lista de seleccionados/as por ese organismo, o responsable do servizo procederá a contactar cos interesados/as

SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato será a de contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, segundo o establecido no artigo 14 da orde do 27 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia , Xustiza e Deportes

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, que proceden con arranxo ao disposto nos termos da subvención outorgada:

Ocupación: SOCORRISTA

Servizo: Os Socorristas da piscina municipal do Concello de Cospeito.

Xornada: Completa (100%)

Ámbito: No termo municipal do Concello de Cospeito.

As funcións do socorrista serán as propias de seguridade, prevención e salvamento acuático, ademáis da de velar polo uso axeitado das instalacións das piscinas municipais. Concrétanse nas seguintes:



- Velar en todo momento pola seguridade dos usuarios das piscinas.
- Salvamento e aplicación de primeiros auxilios en caso de accidente, responsabilizándose do mantemento completo e en perfectas condicións da caixa de primeiros auxilios da piscina municipal.
- Encargarse do establecemento e do mantemento da vixilancia nos vasos das piscinas e das condicións de seguridade e hixiene no recinto destas, tanto dentro coma fóra dos vasos, como medidas de prevención de accidentes e enfermidades.
- Coidar que o comportamento dos bañistas, tanto nos vasos coma fóra destes, se axuste ao disposto na normativa sanitaria vixente.
- E cantas outras funcións relacionadas co seu posto de traballo lle sexan encomendadas polos órganos municipais competentes.

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos [1]:

Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos [2]:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.



Ocupación: Socorrista

Requisitos específicos

-Título de Socorrista ou equivalente socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, a orde do 14 de maio de 2012 e outra normativa concordante. Os solicitantes deberán estar inscritos no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia.

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego.

f) Coñecemento da lingua galega: De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da do 27 de xaneiro de 2025 polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. Remitida por este organismo a lista de seleccionados e seleccionadas, o responsable do servizo procederá a contactar con eles. Unha vez avisados, publicarase na web municipal as bases de selección para coñecemento destes interesados e publicidade do proceso.

As bases íntegras, polo tanto, e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Cospeito e na súa páxina web

Os candidatos/as desempregados/as deberán, no prazo de 3 días hábiles dende a chamada do responsable do servizo (que poderá repetir no prazo máximo de 12 horas dúas veces máis). Este prazo de 3 días hábiles computará igualmente dende a publicación destas bases na web municipal e no taboleiro de anuncios.

Os interesados/as deberán acompañar no día sinalado para a súa presentación no Concello de Cospeito, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados) obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable).

QUINTA. Admisión de aspirantes



Despois da presentación de tódolos candidatos, no seu caso, incluídos na lista remitida pola Oficina pública de emprego, a Alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de 3 días, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboeiro de anuncios do Concello de Cospeito e na súa páxina web indicárase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Unha vez transcurrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de 5 días hábiles, que se publicará no taboeiro de anuncios do Concello de Cospeito e na súa páxina web, e a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

SEXTA. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador será nomeado mediante decreto de alcaldía.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Cospeito e na súa páxina web.

SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida.

MÉRITOS



1. Formación: Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

1.a) Cursos de máis de 200 horas: 1 punto

1.b) Cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos.

1.c) Cursos de 71 a 100 horas: 0,50 puntos.

1.d) Cursos de 40 a 70 horas: 0,35 puntos.

1.e) Cursos que 15 a 39 horas: 0,20 puntos.

1.f) Cursos de menos de 15 horas: 0,10 puntos.

1.g) Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

Acreditarase a formación coa copia compulsada dos diplomas dos cursos realizados.

2. Coñecemento do idioma galego: Computándose únicamente o grao superior alegado e concédese validez tan so pos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:

- Curso de perfeccionamiento ou Celga 4: 0,50 puntos.
- Curso medio de linguaxe administrativa: 0,75 puntos.
- Curso superior de linguaxe administrativa: 1 punto.

Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

3. Inscripción como demandantes de emprego: Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,50 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

4.- Por responsabilidades familiares (entendendo por tal ter a cargo o cónxuxe, fillos e fillas menores de 26 anos, ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento) 0,25 puntos por cada carga cun máximo de 1 punto.

5.- Ata un máximo de 11 puntos:

5.a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero: 1 punto.

5.b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 2 puntos.

5.c) Persoas paradas de longa duración: 2 puntos.



5.d) Persoas con discapacidade; 2 puntos

5.d) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidies por desemprego a que tivesen dereito: 2 puntos.

5.e) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 1 punto.

5.f) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 1 punto.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1) Puntuación pola orde dos méritos anteriores (Do 1 ao 6).

2) Solicitante de maior idade.

OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado ó Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estos xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non resentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non derán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/o interesado/a nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativo

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se



aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto Legislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación o Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do EBEP, e outra normativa concordante.

ANEXO I (MODELO DE DECLARACION RESPONSABLE)



D. _____, con DNI núm. _____,
_____, e domicilio a efectos de notificación
en _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO:

1) Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos [2]:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

f) Que reúno os requisitos específicos desta convocatoria:

-Título Socorrista:

SEGUNDO. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen o proceso de selección

TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría 1 Socorrista.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable	Concello de Cospeito.



Finalidade do tratamento	Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd).
Comunicación de Datos	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no Taboleiro de anuncios do Concello
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan dirixin do a súa solicitude a O Concello de Cospeito a través da sede electrónica do Concello de Cospeito ou nas Oficinas Xerais
Información adicional	Pode consultar máis información https://concellodecospeito.sedelectronica.es/privacy.1
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE: LUGAR E DATA:	

